



BANDO DA ALCALDÍA DE LUGO

A EXCMA. SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO FAI SABER AS NORMAS ÁS QUE TEÑEN QUE AXUSTARSE TÓDALAS FOGUEIRAS DE "SAN XOÁN" (LUME NOVO):

1ª.- Queda prohibido queimar rodas e cubertas de goma, plásticos ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes, fedorentos ou tóxicos e o lanzamento de foguetes.

2ª.- As fogueiras non poderán facerse en lugares próximos á liña eléctrica, inmoables, zonas verdes ou de xardíns, e naqueles nos que poidan crearse situacións de perigo, así coma no casco histórico.

3ª.- O responsable ou responsables e os organizadores de cada fogueira han de retirar do lugar de celebración tódolos restos que queden unha vez rematada a queima.

4ª.- En caso de incumprimento do indicado ou de queixas fundamentadas dos veciños, procederase polo Servizo de Extinción de Incendios, e a requirimento da Policía Local, a sufocar de inmediato a fogueira.

5ª.- As solicitudes para obter o permiso para a queima faranse nos impresos que están a disposición dos interesados nas dependencias da Policía Local.

Ás 13:00 horas do día vinte e tres de xuño de 2022 finaliza o prazo de presentación de instancias.

Lugo, xuño de 2022

A ALCALDESA

Firmado por ***9472** LARA MÉNDEZ (R:
****2800*) el día 03/06/2022 con un
certificado emitido por AC CAMERFIRMA
FOR NATURAL PERSONS - 2016

Asdo.: LARA MÉNDEZ LÓPEZ.